



# OBRA non LITERARIA 2

O seu labor investigador chegou tamén a campos coma a historia e a arqueoloxía

## Arqueólogo

Foi nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo en 1949, participando en importantes escavacións en 1953, coma as do monte do Castro ou as da rúa Pontevedra. Nestas últimas atopa unha ara e 29 estelas funerarias romanas. Deu a coñecer este último achado no III Congreso Nacional de Arqueología



Publica na prensa os achados máis importantes ("Nuevos hallazgos para el esclarecimiento del pasado de nuestra ciudad", *Faro de Vigo*, 20 de setembro de 1952) e maila obra colectiva *Vigo arqueológico* (1980)



Leva adiante outros estudos fóra da cidade olívica, coma os que fai sobre a utillaxe do Paleolítico na comarca de Tui e no Baixo Miño (publica en colaboración con Bouza Brey dous traballos), ou os que posúe sobre as aras do santuario galaico-romano de Donón.



1953 Descuberta das estelas funerarias



1953 Descuberta das estelas funerarias


## Historiador de Vigo

Estudará durante anos a historia da súa cidade de adopción, centrándose sobre todo nos séculos XIX e XX. De feito acábano nomeando, en 1976, Cronista Oficial da Cidade de Vigo.

### Publica:

#### **La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo.**

- Recompilación de feitos históricos da cidade, ordenados de xeito cronolóxico, seguindo a orde dos días, meses e anos, dende o 60 antes de Cristo ata os anos anteriores á segunda República.
- Publícase por entregas no ano 1956 no *Faro de Vigo*, logo en 1960 na Editorial Monterrey.



Nomeamento cronista oficial de Vigo (1977)

**Inscripciones romanas de Galicia** (en colaboración con Fermín Bouza Brey) onde presenta o estudo unha ara e as estelas descubertas nunha rúa da cidade.

Tamén publicará estudos a partir das súas investigacións como arqueólogo.

- *Escribe varios artigos sobre a historia da cidade no xornal Faro de Vigo*
- En 1980 coordina con Álvaro Cunqueiro a obra colectiva *Vigo en su historia*.
- Estuda a prensa viguesa desde o punto de vista histórico. Publica varios artigos ("Notas para la historia del periodismo vigués", "Notas sobre la iniciación de la imprenta en Vigo") e unha obra que permanece inédita (*Historia del periodismo vigués*).



Conferenciante



Bos Aires 1969.  
Homenaxe a Rosalía



Locutor de radio



Activista



Discurso na  
R. A. Galega



Presentando "Vigo en su historia"